> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE Enquisa estrutural a fogares (29/12/2017) Nota: os datos refírense a 31 de decembro.


ESTRUTURA DE INGRESOS DOS FOGARES DAS SETE CIDADES GALEGAS

Evolución da estrutura de ingresos dos fogares das sete cidades galegas,
2012-2016.


Evolución dos ingresos por traballo conta allea




Evolución dos ingresos por traballo conta propia



Evolución dos ingresos por prestacións



Evolución dos ingresos por rendas e outros
ingresos




PENSÍONS CONTRIBUTIVAS

NÚMERO DE PENSIONISTAS SEGUNDO PENSÍONS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- O número de pensionistas segundo pensións contributivas está a aumentar de forma continua, especialmente en Santiago e Pontevedra (7,48% e 6,61% respectivamente entre 2013 e 2017). Unicamente descenden en Ferrol no rexistro dende o ano 2015.

Figura 159

Evolución do número de pensionistas de pensións contributivas da Seguridade Social nas sete cidades galegas, 2013-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	14.007	14.310	14.529	14.721	14.933 ▲	6,61%
Vigo	58.851	59.958	60.844	61.514	62.538 ▲	6,26%
A Coruña	51.227	51.823	52.393	52.952	53.481 ▲	4,40%
Santiago	17.474	17.863	18.147	18.449	18.781 ▲	7,48%
Ferrol	15.713	15.730	15.653	15.528	15.409 ▼	-1,93%
Lugo	19.378	19.667	19.841	19.974	20.278 ▲	4,64%
Ourense	24.261	24.597	24.861	25.178	25.512 ▲	5,16%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE a partir dos ficheiros da Seguridade Social. (29-06-2018)
Os datos son relativos a pensións básicas en alta da Seguridade Social de residentes nas Comunidade Autónoma de Galicia. A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano.

NÚMERO DE PENSIONISTAS SEGUNDO PENSIONES CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- En 2017 o 58,88% dos beneficiarios de pensiones contributivas da Comarca de Pontevedra localizábanse no Concello de Pontevedra.
- O número de pensionistas aumentou nos concellos de Poio, Pontevedra, Barro e Vilaboa entre 2013 e 2017 (incremento do 5,98% no conxunto da Comarca). Rexistraron descensos neste mesmo período A Lama, Campo Lameiro e Ponte Caldelas (-3,79%, -1,82% e -1,43% respectivamente) -ver nota a pé de páxina-.

Figura 160

Evolución do número de pensionistas de pensiones contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra, 2013-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	23.464	23.930	24.257	24.465	25.361 ▲	5,98%
Barro	857	873	891	878	893 ▲	2,29%
Campo Lameiro	604	603	610	599	592 ▼	-1,82%
Ceredo-Cotobade	-	-	-	-	1.865	n.a.
A Lama	831	819	794	783	788 ▲	-3,79%
Poio	2.908	2.988	3.057	3.130	3.211 ▲	7,46%
Ponte Caldelas	1.437	1.464	1.469	1.456	1.443 ▼	-1,43%
Pontevedra	14.007	14.310	14.529	14.721	14.933 ▲	4,35%
Vilaboa	1.545	1.601	1.625	1.631	1.636 ▲	2,19%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE a partir dos ficheiros da Seguridade Social. (29-06-2018)


Os datos son relativos a pensiones básicas en alta da Seguridade Social de residentes nas Comunidade Autónoma de Galicia. A suma dos datos por concellos ou comarcas pode non coincidir co total debido a que nalgúns casos non se coñece o concello de residencia .A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano.

IMPORTE MEDIO DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- O importe medio das pensións contributivas da Seguridade Social creceu entre 2013 e 2017 aproximadamente entre un 5% e un 9% en tódalas grandes cidades galegas con Santiago e Pontevedra a cabeza deste incremento cun 9,95% e 9,21% de crecemento respectivamente no 2017.
- En canto ao importe da pensión, este oscila entre os 921,20€ de Ourense e os 1.140,80€ da cidade de Ferrol. Pontevedra con 1.024,25€ ocupa a 5ª posición, tan só por riba de Ourense e Lugo, se ben é unha das cidades onde o importe estase a incrementar a maior ritmo (9,21%).

Figura 161

Evolución do importe medio das pensións contributivas da Seguridade Social nas sete cidades galegas, 2013-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	937,88	951,94	973,04	999,11	1.024,25	9,21%
Vigo	1.012,20	1.029,54	1.047,72	1.065,22	1.081,99	6,89%
A Coruña	1.011,19	1.030,25	1.053,56	1.073,08	1.092,53	8,04%
Santiago	943,61	964,74	987,11	1.012,95	1.037,49	9,95%
Ferrol	1.078,66	1.092,78	1.106,74	1.123,88	1.140,80	5,76%
Lugo	891,17	908,69	925,50	944,84	963,05	8,07%
Ourense	856,44	872,52	888,75	903,97	921,20	7,56%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE a partir dos ficheiros da Seguridade Social. (29-06-2018)
Os datos son relativos a pensións básicas en alta da Seguridade Social de residentes nas Comunidade Autónoma de Galicia. A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano

IMPORTE MEDIO DAS PENSÍONS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Entre os concellos da Comarca de Pontevedra a maior variación no importe medio das pensíons contributivas entre 2013 e 2017 rexistrouna o concello de Pontevedra cun incremento do 7,60% seguida de Barro (6,52%).
- A Cidade de Pontevedra presenta o importe medio das pensíons contributivas máis elevado entre os concellos da comarca (1024,25€), mentres que a media comarcal se sitúa nos 948,10€. No extremo oposto atópase a Lama cun importe de 645,79€.

Figura 162

Evolución do importe medio das pensíons contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra, 2013-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	877,41	890,46	908,64	931,14	948,10	6,47%
Barro	746,95	766,35	781,7	797,63	816,32	6,52%
Campo Lameiro	699,63	708,61	715,86	731,19	734,71	3,68%
Cerdedo-Cotobade	-	-	-	-	806,87	n.a.
A Lama	622,34	627,36	637,23	640,17	645,79	2,94%
Poio	889,07	900,77	911,98	929,68	947,41	5,18%
Ponte Caldelas	721,2	724,89	733,07	748,25	765,00	5,53%
Pontevedra	937,88	951,94	973,04	999,11	1.024,25	7,60%
Vilaboa	811,01	823,84	839,95	853,00	871,65	5,80%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE a partir dos ficheiros da Seguridade Social. (29-06-2018)

Os datos son relativos a pensíons básicas en alta da Seguridade Social de residentes nas Comunidade Autónoma de Galicia. A suma dos datos por concellos ou comarcas pode non coincidir co total debido a que nalgúns casos non se coñece o concello de residencia. A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano. (-) Non procede


PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS

BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre os anos 2013 e 2017, Vigo cun incremento do 3,15% é a cidade onde máis crece o número de beneficiarios de pensións non contributivas. Rexístranse descensos en 4 das 7 grandes ciudades: Santiago cun -13,45%, A Coruña -8,42% Ourense -4,48% e Pontevedra -0,97%

Figura 163

Evolución do número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social nas sete ciudades galegas, 2005-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	1.129	1.117	1.104	1.117	1.118▲	-0,97%
Vigo	3.497	3.565	3.571	3.598	3.607▲	3,15%
A Coruña	2.780	2.754	2.726	2.630	2.546▼	-8,42%
Santiago	1.532	1.480	1.442	1.395	1.326▼	-13,45%
Ferrol	1.050	1.035	1.046	1.040	1.055▲	0,48%
Lugo	1.176	1.178	1.193	1.211	1.209▼	2,81%
Ourense	1.740	1.728	1.709	1.669	1.662▼	-4,48%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente (31-07-2018)

BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social no conxunto da Comarca de Pontevedra diminuíu un 2,78% entre 2013 e 2017, establecéndose en 2017 nos 2.028 beneficiarios, dos cales un 55'13% pertencen a Cidade de Pontevedra.

Figura 164

Evolución do número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra, 2005-2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	2.086	2.065	2.049	2.007	2.028 ▲	-2,78%
Barro	95	94	89	86	84 ▼	-11,58%
Campo Lameiro	64	64	63	57	57=	-10,94%
Cerededo-Cotobade	-	-	-	-	113	n.a.
A Lama	168	171	165	146	143 ▼	-14,88%
Poio	286	280	295	291	287 ▼	0,35%
Ponte Caldelas	128	116	118	117	117=	-8,59%
Pontevedra	1.129	1.117	1.104	1.117	1.118 ▲	-0,97%
Vilaboa	121	125	120	107	109 ▲	-9,92%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente (31-07-2018). (-) Non procede

DETALLE DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- A tendencia xeral nas grandes cidades galegas sitúa o número de beneficiarios de pensións non contributivas de xubilación en torno ao 60% e as de invalidez no 40% salvo en Ferrol onde a estatística vese invertida. No caso da cidade de Pontevedra as pensións de xubilación supoñen un 56,70% e as de invalidez un 43,29%
- Nas sete grandes cidades más do 60% dos beneficiarios de pensións non contributivas da seguridade social totais son mulleres (67,71% no caso de Pontevedra).

Figura 165

Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social nas sete cidades galegas segundo tipo de pensión e sexo, 2017




	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubilación	Homes	Invalidez	Xubilación	Mulleres	Invalidez	Xubilación
Pontevedra	1.118	484	634	361	230	131	757	254	503
Vigo	3.607	1.698	1.909	1.409	956	453	2.198	742	1.456
A Coruña	2.546	1.016	1.530	866	511	355	1.680	505	1.175
Santiago	1.326	536	790	441	247	194	885	289	596
Ferrol	1.055	606	449	417	296	121	638	310	328
Lugo	1.209	505	704	428	262	166	781	243	538
Ourense	1.662	747	915	576	341	235	1.086	406	680

DETALLE DO NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- No conxunto da Comarca hai 2.028 beneficiarios de pensións non contributivas, 42,95% beneficiarios de pensións de invalidez e o 57,05% de Xubilación. Cabe destacar a porcentaxe de beneficiarios de pensións de invalidez en A Lama (62,94%) e Poio (51,57%).
- De igual xeito no concello de A Lama a porcentaxe de beneficiarios de sexo masculino é moi superior ca no resto de concellos da comarca chegando a superar o 68% do total de beneficiarios.

Figura 166

Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social na Comarca de Pontevedra segundo tipo de pensión e sexo, 2017



	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubilación	Homes	Invalidez	Xubilación	Mulleres	Invalidez	Xubilación
Comarca de Pontevedra	2.028	871	1.157	682	452	230	1.346	419	927
Barro	84	28	56	18	13	5	66	15	51
Campo Lameiro	57	15	42	12	10	2	45	5	40
Cerdeiro-Cotobade	113	37	76	35	17	18	78	20	58
A Lama	143	90	53	98	78	20	45	12	33
Poio	287	148	139	111	79	32	176	69	107
Ponte Caldelas	117	34	83	20	11	9	97	23	74
Pontevedra	1.118	484	634	361	230	131	757	254	503
Vilaboa	109	35	74	27	14	13	82	21	61

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente (31-07-2018).


RENDAS DE INSERCIÓN SOCIAL

BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Nos últimos anos o número de beneficiarios de RISGA nas grandes cidades galegas aumentou de forma considerable especialmente en Pontevedra, Santiago e Lugo.
- No relativo ao número de beneficiarios, a Cidade de Vigo concentra en 2017 2.427 beneficiarios fronte aos 266 da Cidade de Santiago. Pontevedra a pesar do incremento do 94% nos últimos 5 anos, rexistra 302 beneficiarios, 63% dos cales son homes.

Figura 167

Evolución do número de beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) nas sete cidades galegas, 2001-2017 e a súa distribución por sexo na cidade de Pontevedra 2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	155	177	222▲	268	302▲	94,84%
Vigo	2.144	2.179	2.226▲	2.439	2.427▼	13,20%
A Coruña	1.005	949	1.113▲	1.244	1.188▼	18,21%
Santiago	152	131	217▲	256	266▲	75,00%
Ferrol	335	337	369▲	431	407▼	21,49%
Lugo	456	577	636▲	677	664▼	45,61%
Ourense	570	681	628▼	702	623▼	9,30%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (31-07-2018)

BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Entre 2013 e 2017 o número de beneficiarios de RISGA continúa unha tendencia de crecemento aumentando nun 43,71% no conxunto da Comarca de Pontevedra se ben Ponte Caldelas, A Lama, Vilaboa e Poio rexistran descensos.
- O Concello de Pontevedra rexistra o 69,58% do total de beneficiarios de RISGA da Comarca de Pontevedra dos que un 59% son mulleres.

Figura 168

Evolución do número de beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) na Comarca de Pontevedra, 2001-2017 e a súa distribución por sexo 2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	302	290	343 ▲	395	434	43,71%
Barro	7	9	11 ▲	14	15	114,29%
Campo Lameiro	2	3	1 ▼	2	2	0,00%
Ceredo-Cotobade	-	-	-	-	17	n.a.
A Lama	29	23	16 ▼	18	21	-27,59%
Poio	53	38	46 ▲	58	52	-1,89%
Ponte Caldelas	18	14	13 ▼	7	8	-55,56%
Pontevedra	155	177	222 ▲	268	302	94,84%
Vilaboa	22	14	19 ▲	12	17	-22,73%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (31-07-2018). (-) Non procede

BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Especialmente Santiago viu aumentar entre 2013 e 2017 o número de beneficiarios das axudas AIS nun 506% pasando de 15 a 91 beneficiarios. Pontevedra no mesmo período rexistra un lixeiro descenso de 1,41% (2 beneficiarios menos)
- Na Cidade de Pontevedra, un 72% dos beneficiarios desta axuda son mulleres fronte ao 28% que supoñen os homes no 2017.

Figura 169

Evolución do número de beneficiarios das Axudas de Inclusión Social (AIS) nas sete cidades galegas, 2007-2017 e a súa distribución por sexo na cidade de Pontevedra 2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	142	130	127	146	140 ▲	-1,41%
Vigo	588	691	458	620	488 ▼	-17,01%
A Coruña	148	123	205	131	89 ▼	-39,86%
Santiago	15	14	44	58	91 ▲	506,67%
Ferrol	58	40	114	104	115 ▲	98,28%
Lugo	257	314	267	223	195 ▼	-24,12%
Ourense	319	400	406	435	379 ▼	18,81%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (31-07-2018). En anos anteriores denominábanse Axudas de Emerxencia Social (AES)

BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS) NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Entre 2013 e 2017 o número de beneficiarios de axudas de inclusión social descenderon na comarca un 9,29%.
- Do mesmo xeito que acontece na Cidade de Pontevedra, no conxunto da Comarca os beneficiarios das AIS son maioritariamente mulleres (72% do total), ademais a Cidade de Pontevedra alberga o 84,34% dos beneficiarios destas axudas na Comarca de Pontevedra.

Figura 170

Evolución do número de beneficiarios das Axudas de Inclusión Social (AIS) na Comarca de Pontevedra, 2007-2017 e a súa distribución por sexo 2017



	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	183	166	147	173	166▼	-9,29%
Barro	1	2	0	1	0▼	-100,00%
Campo Lameiro	0	0	0	1	1=	n.a.
Cerdedo-Cotobade	-	-	-	-	4	n.a.
A Lama	4	1	9	1	6▲	50,00%
Poio	27	26	4	17	12▼	-55,56%
Ponte Caldelas	6	3	2	3	2▼	-66,67%
Pontevedra	142	130	127	146	140▼	-1,41%
Vilaboa	1	1	1	1	1=	n.a.

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE - Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social (31-07-2018). (-) Non procede . En anos anteriores denominábanse Axudas de Emerxencia Social (AES)

GASTOS EN VIVENDA


FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN HIPOTECA DA VIVENDA

PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre 2012 e 2016 produciuse un descenso do porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca en tódalas cidades coa excepción de Vigo, onde este indicador aumentou un 0,98%. Cabe destacar que nas cidades de Ferrol e Ourense os descensos rexistrados son superiores ao 20%.
- No ano 2016 o 26,88% de fogares presentaban gasto en hipoteca en Pontevedra e o 27,83% en Lugo, cifras que son superiores ou moi superiores comparativamente co resto de grandes cidades galegas posto que todas elas presentan unha incidencia deste gasto entre o 21,32% de A Coruña e o 15,73% de Ferrol.

Figura 171

Evolución do número fogares que teñen gasto en hipoteca da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2016 e evolución da súa incidencia 2012-2016



INCIDENCIA (%)	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	29,11	24,37	30,46	26,15	26,88▲	-7,66%
Vigo	20,51	22,47	20,47	19,48	20,71▲	0,98%
A Coruña	24,39	21,63	22,93	23,22	21,32▼	-12,59%
Santiago	19,67	20,69	18,14	17,09	16,23▼	-17,49%
Ferrol	21,94	23,26	19,03	17,26	15,73▼	-28,30%
Lugo	32,22	32,04	24,87	22,57	27,83▲	-13,63%
Ourense	23,02	20,53	21,60	17,69	17,96▲	-21,98%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (29-12-2017). Nota: os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada concello, como a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca sobre o total de fogares nese concello.

FOGARES QUE TEÑEN GASTO EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Ao contrario que acontecía co gasto en hipoteca, a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer é especialmente baixa na Cidade de Pontevedra (13,43%) mentres que no resto de cidades a cifra supera sempre o 14%, chegando incluso na Cidade de A Coruña ao 26,67%.
- Nesta mesma liña, entre 2012 e 2016 a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer aumentou en tódalas cidades salvo Vigo e Santiago onde descenderon un -2,23% no caso de Vigo e especialmente en Santiago cun -17,40%.

Figura 172

Evolución do número fogares que teñen gasto en aluguer da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2016 e evolución da súa incidencia 2012-2016



INCIDENCIA (%)	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	12,67	15,22	10,52	11,77	13,43 ▲	6,00%
Vigo	21,10	16,70	19,17	20,22	20,63 ▲	-2,23%
A Coruña	23,68	23,43	26,61	24,08	26,67 ▲	12,63%
Santiago	23,62	14,94	16,74	19,50	19,51 ▲	-17,40%
Ferrol	15,74	17,64	14,71	17,48	15,88 ▼	0,89%
Lugo	13,41	10,21	15,19	15,01	14,73 ▼	9,84%
Ourense	18,13	15,28	15,52	21,64	19,75 ▼	8,94%


> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (29-12-2017). Nota: os datos refírense a 31 de decembro. A incidencia calcúlase, para cada concello, como a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca sobre o total de fogares nese concello.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- En 2016 as cidades de Pontevedra, A Coruña, e Ferrol foron as únicas das sete grandes que viron diminuir o gasto mensual dos fogares en hipoteca respecto aos rexistros de 2015.
- Pontevedra é a terceira cidade onde menor é o gasto mensual neste concepto (385,95€). En primeira posición atópase Lugo con 347,07€.
- Entre os anos 2012 e 2016 o gasto neste concepto viuse reducido na maioría das sete grandes cidades coa excepción de Santiago (incremento do 4,40%). Pontevedra presenta o terceiro maior descenso (-8,64%) por detrás de A Coruña e Vigo (-13,79% e -10,40% respectivamente).

Figura 173

Evolución do gasto medio mensual do fogar en hipoteca da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2016 e evolución 2012-2016




	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	422,44	415,36	410,51	415,83	385,95 ▼	-8,64%
Vigo	474,79	432,69	459,23	409,63	425,41 ▲	-10,40%
A Coruña	504,22	477,62	427,41	437,67	434,70 ▼	-13,79%
Santiago	500,89	452,99	412,97	420,13	522,94 ▲	4,40%
Ferrol	381,77	371,79	364,76	373,76	366,33 ▼	-4,04%
Lugo	371,22	377,97	357,93	337,98	347,07 ▲	-6,51%
Ourense	395,56	397,12	377,11	382,92	386,17 ▲	-2,37%

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER DA VIVENDA PRINCIPAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre os anos 2012 e 2016, o gasto medio mensual do fogar en aluguer da vivenda principal unicamente descendeu nas cidades de Pontevedra e A Coruña. Coa cifra acadada en 2016 (313,80€) Pontevedra é a cidade que máis viu descender o gasto medio mensual en aluguer (-14,14%).
- Pontevedra é, no ano 2016 tras un relevante descenso respecto ao ano anterior, a terceira cidade con menor gasto neste concepto (313,80€) xusto por detrás de Ferrol (196,67€) e Lugo (276,70€).

Figura 174

Evolución do gasto medio mensual do fogar en aluguer da vivenda principal nas sete cidades galegas, 2007-2016 e evolución 2012-2016



	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	365,47	302,75	327,92	351,19	313,80 ▼	-14,14%
Vigo	326,15	305,69	337,42	346,87	336,39 ▼	3,14%
A Coruña	354,99	311,29	339,58	329,12	349,84 ▲	-1,45%
Santiago	350,87	355,44	342,69	359,27	366,72 ▲	4,52%
Ferrol	190,59	198,67	215,35	186,05	196,67 ▲	3,19%
Lugo	272,52	253,73	297,68	282,46	276,70 ▼	1,53%
Ourense	284,14	264,10	310,96	298,53	318,12 ▲	11,96%


RISCO DE POBREZA

TAXA DE RISCO DE POBREZA NAS SETE CIDADES GALEGAS

- No período 2012-2016 so 3 cidades viron descender a súa taxa de pobreza, Santiago cun -17,75%, A Coruña -11,19% e Pontevedra cun -5,89%. No extremo oposto atopásense Vigo (28,39%), Lugo (27,02%), Ferrol (8,24%) e Ourense (3,11%).
- Pontevedra, tras un importante descenso entre 2015 e 2016, presenta a 3^a taxa máis baixa do conxunto das sete grandes cidade (13,74%).

Figura 175

Evolución da taxa de risco de pobreza nas sete cidades galegas, 2007-2016 e evolución 2012-2016



(%)	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	14,60	15,46	13,53	17,69	13,74 ▼	-5,89%
Vigo	13,63	17,64	16,50	18,24	17,50 ▼	28,39%
A Coruña	13,05	16,01	12,02	10,50	11,59 ▲	-11,19%
Santiago	13,86	10,73	14,03	12,31	11,40 ▼	-17,75%
Ferrol	17,48	17,70	16,52	15,78	18,92 ▲	8,24%
Lugo	12,51	11,01	11,48	13,55	15,89 ▲	27,02%
Ourense	16,08	14,34	16,27	17,21	16,58 ▼	3,11%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (29-12-2017)


Nota: a taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao límiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen. (ver Anexo: Aclaracións terminolóxicas).

TAXA DE RISCO DE POBREZA (ESTRATEGIA EUROPA 2020) NAS SETE CIDADES GALEGAS

- Este indicador, que inclúe máis situacións posibles que o anterior como criterio para consideración de poboación en risco de pobreza ou exclusión social, ofrece unhas porcentaxes superiores para tódolos concellos que o indicador anteriormente comentado.
- Baixo estes criterios, en 2016 Pontevedra presenta a 2ª taxa de risco más baixa (16,70%) por detrás de Santiago (14,67%) tras unha gran redución (-33%) respecto da taxa que presentaba en 2015 (25,02) que a situaba coa 2ª taxa más alta.
- Por evolución, entre os anos 2012 e 2016 Santiago e Pontevedra son as cidades coas mellores evolucións na taxa de risco de pobreza segundo a Estrategia Europa 2020 con reducións do 21,55% e 19,01% respectivamente.

Figura 176

Evolución da taxa de risco de pobreza (Estrategia Europa 2020) nas sete cidades galegas, 2011-2016



(%)	2012	2013	2014	2015	2016	% Variación 2012/2016
Pontevedra	20,62	23,00	20,07	25,02	16,70 ▼	-19,01%
Vigo	21,21	24,19	22,18	25,15	22,28	5,04%
A Coruña	19,09	22,39	19,20	17,20	17,42 ▲	-8,75%
Santiago	18,70	18,02	17,53	16,61	14,67 ▼	-21,55%
Ferrol	22,97	25,78	25,87	22,49	20,07 ▲	2,00%
Lugo	17,71	14,50	15,95	15,37	17,34 ▲	-2,09%
Ourense	23,24	20,40	19,52	23,14	22,44 ▼	-3,44%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Enquisa estrutural a fogares (29-12-2017)

Nota: a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións :- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)- En carencia material severa - Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

ÁMBITO ESTRUCTURA EMPRESARIAL


CENSO EMPRESARIAL

CENSO EMPRESARIAL DA CIDADE DE PONTEVEDRA

- En Pontevedra creáronse 817 empresas no ano 2016, unha cifra superior ao número de baixas (665) que indica un saldo positivo de 152 empresas, cunha permanencia en crecemento que acada as 6.091 empresas.
- Entre os anos 2015-2016, as altas de empresas descenderon un 5,98% cun aumento da permanencia de empresas (2,96%) e unha redución do número de baixas de empresas (-16,15%), que consolida un saldo positivo que pon freo a destrución do tecido empresarial.

Figura 177

Evolución da creación de empresas das sete cidades galegas e Censo Empresarial da cidade de Pontevedra, 2010-2016.



CENSO EMPRESARIAL CONCELLO DE PONTEVEDRA	2010	2014	% Variación 2010-2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015	2016	% Variación 2015/2016
					2015	2016	
Alta	605	734▲	21,32%		869	817▼	-5,98%
Permanencia	6.236	5.698▼	-8,63%		5.916	6.091▲	2,96%
Baixa	901	794▲	-11,88%		793	665▼	-16,14%


> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2017) Cambio metodológico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Na Comarca de Pontevedra creáronse durante o ano 2016 1.231 empresas, ao tempo que se rexistraron 1.042 baixas co que se rexistrou un saldo positivo de 189 empresas. As permanencias acadaron as 9.007 empresas na comarca.
- Entre o ano 2015 e 2016 as baixas víronse reducidas en máis dun 9%, se ben nese mesmo período caeu a porcentaxe de altas de empresas un -1,52%. As permanencias incrementáronse un 2,27% no citado período.

Figura 178

Evolución da creación de empresas e Censo Empresarial da Comarca de Pontevedra, 2010-2016.



CENSO EMPRESARIAL COMARCA DE PONTEVEDRA	2010	2014	% Variación 2010-2014	Cambio metodológico		% Variación 2015/2016
				2015	2016	
Alta	852	1.031	= 21,01%	1.250	1.231	-1,52%
Permanencia	8.518	7.845	-7,90%	8.807	9.007	2,27%
Baixa	1.277	1.143	-10,49%	1.147	1.042	-9,15%

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2017) Cambio metodológico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)

- Pontevedra presenta o cuarto índice de actividade emprendedora (14,89) por detrás de Santiago (16,29), A Coruña (15,87) e Ourense (15,80).
- Entre 2015 e 2016 (coa nova metodoloxía) a cidade de Pontevedra é a cidade galega onde más caen as altas (-5,98%) se ben isto vese contrarrestado por ser a cidade onde, con diferencia, máis se reducen as baixas (-16,14%) e onde más crecen as permanencias (2,96%).

Figura 179

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) das sete cidades galegas, 2010-2016.

ALTAS	2010	2014	% Variación 2010/2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015	2016	% Variación 2015/2016	Índice de actividad emprendedora	
Pontevedra	605	734 ▲	21,32%		869	817 ▼	-5,98%	14,89	
Vigo	2.204	2.467 ▲	11,93%		2.882	2.855 ▼	-0,94%	14,86	
A Coruña	1.918	2.129 ▲	11,00%		2.477	2.482 ▲	0,20%	15,87	
Santiago	863	1.011 ▲	17,15%		1.050	1.040 ▼	-0,95%	16,29	
Ferrol	330	371 ▼	12,42%		487	497 ▲	2,05%	11,68	
Lugo	820	962 ▲	17,32%		1.005	950 ▼	-5,47%	14,62	
Ourense	891	927 ▲	4,04%		1.116	1.057 ▼	-5,29%	15,80	
PERMANENCIAS	2010	2014	% Variación 2010/2014		2015	2016	% Variación 2015/2016		
Pontevedra	6.236	5.698 ▼	-8,63%		5.916	6.091 ▲	2,96%		
Vigo	22.131	20.185 ▼	-8,79%		20.374	20.739 ▲	1,79%		
A Coruña	20.847	18.947 ▼	-9,11%		19.124	19.407 ▲	1,48%		
Santiago	9.030	8.409 ▼	-6,88%		8.781	8.805 ▲	0,27%		
Ferrol	4.009	3.476 ▼	-13,30%		3.560	3.591 ▲	0,87%		
Lugo	8.005	7.607 ▼	-4,97%		8.314	8.498 ▲	2,21%		
Ourense	8.661	8.176 ▼	-5,60%		8.366	8.529 ▲	1,95%		
BAIXAS	2010	2014	% Variación 2010/2014		2015	2016	% Variación 2015/2016		
Pontevedra	901	794 ▼	-11,88%		793	665 ▼	-16,14%		
Vigo	2.416	2.881 ▲	19,25%		2.490	2.484 ▼	-0,24%		
A Coruña	2.091	2.474 ▲	18,32%		2.165	2.210 ▲	2,08%		
Santiago	1.183	1.046 ▼	-11,58%		939	1.037 ▲	10,44%		
Ferrol	555	505 ▲	-9,01%		447	445 ▼	-0,45%		
Lugo	848	965 ▼	13,80%		898	832 ▼	-7,35%		
Ourense	899	1.075 ▲	19,58%		909	948 ▲	4,29%		

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2017)




Índice de actividad emprendedora: Altas entre a Poboación Potencialmente Activa*1000 persoas.

Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (DETALLE)

Figura 180

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) das sete cidades galegas, 2015-2016 e índice de actividad emprendedora 2016.



CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA (DETALLE)

- Na comarca de Pontevedra no 2016 o índice de actividade emprendedora é de 15,42 (Altas de empresa entre a Poboación Potencialmente Activa*1.000 hab). Os maiores índices sitúanse en Poio (16,57) e Barro (16,16) e os mais baixos en A Lama e Campo Lameiro (10,00 e 10,07 respectivamente).
- Na Comarca de Pontevedra as altas de empresas rexistraron unha lixeira reducción entre os anos 2015 e 2016 (-1,52%). No mesmo período as permanencias incrementáronse un 2,27% e as baixas reducíronse un 9,15%.

Figura 181

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) da Comarca de Pontevedra, 2010-2016.

ALTAS	2010	2014	% Variación 2010/2014	CAMBIO METODOLÓXICO	2015	2016	% Variación 2015/2016	Índice de actividade emprendedora
	2010	2014	% Variación 2010/2014		2015	2016	% Variación 2015/2016	
Comarca de Pontevedra	852	1.031=	21,01%		1.250	1.231▼	-1,52%	15,42
Barro	29	34▲	17,24%		39	37▼	-5,13%	16,16
Campo Lameiro	5	11▲	120,00%		11	13▲	18,18%	10,07
Cotobade	18	32▲	77,78%		33	38▲	15,15%	12,58
A Lama	7	13▼	85,71%		15	20▲	33,33%	10,00
Poio	108	126▼	16,67%		187	199▲	6,42%	16,57
Ponte Caldelas	42	42▲	0,00%		47	45▼	-4,26%	13,47
Pontevedra	605	734▲	21,32%		869	817▼	-5,98%	15,84
Vilaboa	38	39▼	2,63%		49	62▲	26,53%	12,86
PERMANENCIAS	2010	2014	% Variación 2010/2014		2015	2016	% Variación 2015/2016	
Comarca de Pontevedra	8.518	7.845▼	-7,90%		8.807	9.007▲	2,27%	
Barro	224	227▼	1,34%		265	282▲	6,42%	
Campo Lameiro	87	78▼	-10,34%		98	95▼	-3,06%	
Cotobade	158	173▼	9,49%		228	226▼	-0,88%	
A Lama	86	78▲	-9,30%		139	136▼	-2,16%	
Poio	1.027	938▼	-8,67%		1.339	1.363▲	1,79%	
Ponte Caldelas	303	307▼	1,32%		346	341▼	-1,45%	
Pontevedra	6.236	5.698▼	-8,63%		5.916	6.091▲	2,96%	
Vilaboa	397	346▼	-12,85%		476	473▼	-0,63%	
BAIXAS	2010	2014	% Variación 2010/2014		2015	2016	% Variación 2015/2016	
Comarca de Pontevedra	1.277	1.143▼	-10,49%		1.147	1.042▼	-9,15%	
Barro	31	30▼	-3,23%		32	30▼	-6,25%	
Campo Lameiro	9	11▲	22,22%		10	15▲	50,00%	
Cotobade	28	32▲	14,29%		35	39▲	11,43%	
A Lama	14	7▼	-50,00%		24	17▼	-29,17%	
Poio	177	158▼	-10,73%		165	164▼	-0,61%	
Ponte Caldelas	40	50▲	25,00%		46	59▲	28,26%	
Pontevedra	901	794▼	-11,88%		793	665▼	-16,14%	
Vilaboa	77	61▲	-20,78%		42	53▲	26,19%	

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2017)


Índice de actividade emprendedora: Altas entre a Poboación Potencialmente Activa*1000hab.

Cambio metodológico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.


CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA (DETALLE)

Figura 182

Evolución das altas, permanencias e baixas de empresas (Censo Empresarial) da Comarca de Pontevedra, 2015-2016 e índice de actividad emprendedora 2016.



Índice de actividad emprendedora




CENSO EMPRESARIAL DAS SETE CIDADES GALEGAS (SALDO)

- En 2016 Pontevedra rexistra un saldo empresarial (altas - baixas) positivo de 152 empresas, o que supón un incremento do 100% respecto do saldo do ano 2015 o que a sitúa como a cidade coa mellor evolución en dito período.
- En termos absolutos Vigo rexistra o mellor saldo empresarial con 371 altas máis que baixas seguida de A Coruña (272) e Pontevedra (152). O menor saldo dáse na cidade de Santiago con só 3 altas máis que baixas.

Figura 183

Evolución do saldo empresarial das sete cidades galegas, 2015-2016.



	2015	2016	% Variación 2015/2016
Pontevedra	76	152 ▲	100,00%
Vigo	392	371 ▼	-5,36%
A Coruña	312	272 ▼	-12,82%
Santiago	111	3 ▼	-97,30%
Ferrol	40	52 ▲	30,00%
Lugo	107	118 ▲	10,28%
Ourense	207	109 ▼	-47,34%


> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo empresarial do IGE (27/12/2017)

CENSO EMPRESARIAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA (SALDO)

- Na Comarca de Pontevedra só os concellos de Pontevedra, Poio, Barro e Vilaboa presentan un saldo empresarial positivo no ano 2016.
- No relativo á evolución dos concellos da Comarca presentan unha tendencia positiva os concellos de Pontevedra (100%), Poio (59,09%) e Vilaboa (28,57%).

Figura 184

Evolución do saldo empresarial da Comarca de Pontevedra, 2015-2016.



	2015	2016	% Variación 2015/2016
Comarca de Pontevedra	103	189▲	83,50%
Barro	7	7=	0,00%
Campo Lameiro	1	-2▼	-300,00%
Cotobade	-2	-1▼	-50,00%
A Lama	-9	3▼	-133,33%
Poio	22	35▲	59,09%
Ponte Caldelas	1	-14▼	-1500,00%
Pontevedra	76	152▲	100,00%
Vilaboa	7	9▲	28,57%

FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS


FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES

MERCANTÍS CONSTITUIDAS NAS SETE CIDADES GALEGAS

- As empresas domiciliadas no Concello de Pontevedra constitúense baixo a forma de persoas físicas (54%) ou de Sociedades Limitadas (34%), non tendo apenas relevancia categorías tales como as Sociedades Anónimas (2%) ou Cooperativas.
- O sector de actividade con maior presenza no Concello de Pontevedra é o sector servizos (79%). O peso do sector da Construcción é do 13%, Industria do 4% e agricultura e pesca tamén do 4%.
- Entre 2016 e 2017 produciuse un descenso xeneralizado no número de sociedades constituídas nas sete grandes cidades. Na evolución dos últimos 5 anos Pontevedra en 2017 presenta un descenso do 24,87% tan só por detrás de Lugo (-35,58%).

Figura 185

Forma Xurídica e Sector de Actividade das empresas de Pontevedra, 2016 e evolución das sociedades mercantís constituídas nas sete grandes cidades, 2013-2017.



NOTA: Existen 12 cooperativas censadas en Pontevedra. En total hai 6.908 empresas

Sociedades mercantís constituídas	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Pontevedra	189	189	144	177	142 ▼	-24,87%
Vigo	649	736	640	688	572 ▼	-11,86%
A Coruña	600	578	542	602	548 ▼	-8,67%
Santiago	237	202	209	245	226 ▼	-4,64%
Ferrol	53	59	52	56	57 ▲	7,55%
Lugo	208	184	158	173	134 ▼	-35,58%
Ourense	189	199	191	226	178 ▼	-5,82%


> Fonte: (Táboa) IGE . Explotación do Boletín Oficial do Rexistrio Mercantil (BORME) (05-01-2018). Non hai datos previos a 2012. (Figura) IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2017). Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

FORMA XURÍDICA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SOCIEDADES MERCANTÍS CONSTITUIDAS NA COMARCA DE PONTEVEDRA

- Como se desprende da comparación entre as gráficas de distribucións segundo forma xurídica e actividade principal correspondentes á Comarca de Pontevedra e as mesmas para o concello de Pontevedra as principais diferenzas radican nun maior peso do sector agricultura e pesca na Comarca (10% fronte ao 4%) en detrimento do sector servizos (71% fronte ao 79%) e un aumento na porcentaxe de persoas físicas.
- As sociedades mercantís constituídas no concello de Pontevedra representan no ano 2017 o 68,93% do total das sociedades constituídas na Comarca, se ben en anos pasados esta porcentaxe era maior.

Figura 186

Forma Xurídica e Sector de Actividade das empresas da Comarca de Pontevedra, 2016 e evolución das sociedades mercantís constituídas na Comarca de Pontevedra, 2013-2017.



NOTA: Existen 21 cooperativas censadas na Comarca de Pontevedra. En total hai 10.238 empresas

Sociedades mercantís constituidas	2013	2014	2015	2016	2017	% Variación 2013/2017
Comarca de Pontevedra	235	250	188	241	206▼	-12,34%
Barro	6	7	5	7	8▲	33,33%
Campo Lameiro	0	1	1	2	3▲	n.a.
Cerdeiro-Cotobade	1	2	1	8	2▼	0,00%
A Lama	0	1	2	2	5▲	n.a.
Poio	29	34	16	29	34▲	17,24%
Ponte Caldelas	4	11	8	4	3▼	-25,00%
Pontevedra	189	189	144	177	142▼	-24,87%
Vilaboa	6	5	11	12	9▼	50,00%

> Fonte: (Táboa) IGE . Explotación do Boletín Oficial do Rexistrio Mercantil (BORME) (05-01-2018). Non hai datos previos a 2012. (Figura) IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2017). Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración.

EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS

SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE

- A distribución por rama de actividade do número de empresas con sede en cada unha das sete grandes cidades de Galicia é moi similar cunha preponderancia da rama de Servizos sempre en torno do 80% (Pontevedra 79,26%). A industria varia entre o 5,41% e o 3,47% (Pontevedra 3,87%).
- A rama de actividade (G) Comercio por xunto e ao retalho é a rama principal nas sete cidades galegas, sendo Vigo (26,44%) e Pontevedra (24,29%) as cidades con maior peso de empresas neste ámbito.

Figura 187

Número de empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector e rama de actividade, 2016



	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
TOTAL	21.889	4.088	9.845	9.448	9.586	6.908	23.594
1 AGRICULTURA E PESCA	1,00%	4,99%	2,66%	6,51%	1,99%	4,04%	0,79%
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	1,00%	4,99%	2,66%	6,51%	1,99%	4,04%	0,79%
2 INDUSTRIA, INCLUIDA A ENERXÍA	3,86%	3,47%	4,91%	4,55%	4,97%	3,87%	5,41%
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	0,04%	0,02%	0,06%	0,19%	0,06%	0,07%	0,04%
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	3,51%	3,30%	4,20%	3,81%	4,31%	3,73%	5,03%
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0,17%	0,02%	0,51%	0,41%	0,46%	0,04%	0,18%
E FORNECIMENTO DE AGUA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	0,14%	0,12%	0,14%	0,14%	0,14%	0,01%	0,16%
3 CONSTRUCIÓN	11,62%	10,52%	9,85%	12,28%	14,48%	12,84%	10,73%
F CONSTRUCIÓN	11,62%	10,52%	9,85%	12,28%	14,48%	12,84%	10,73%
4 SERVIZOS	83,52%	81,02%	82,58%	76,66%	78,56%	79,26%	83,08%
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	21,70%	23,43%	21,46%	23,00%	23,47%	24,29%	26,44%
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	5,08%	3,28%	4,31%	5,80%	3,71%	4,11%	5,73%
I HOSTALARÍA	8,48%	12,96%	9,63%	7,63%	9,42%	8,79%	8,33%
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	2,38%	0,98%	2,67%	1,21%	1,25%	1,46%	2,14%
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	2,60%	2,50%	1,87%	2,37%	2,82%	2,14%	2,66%
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	4,53%	3,06%	3,83%	3,29%	3,71%	4,11%	3,78%
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	17,95%	13,11%	15,29%	14,27%	13,72%	14,58%	14,68%
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	3,87%	2,69%	3,76%	2,65%	2,91%	2,72%	3,43%
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	0,04%	0,05%	0,35%	0,07%	0,07%	0,07%	0,03%
P EDUCACIÓN	3,63%	4,28%	4,11%	3,78%	3,80%	3,43%	3,53%
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	5,80%	6,02%	6,21%	5,14%	5,57%	5,88%	4,66%
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	2,49%	2,98%	3,22%	2,15%	2,16%	2,74%	2,45%
S OUTROS SERVIZOS	4,94%	5,68%	5,88%	5,30%	5,95%	4,94%	5,20%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2017).

EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE

Figura 188

Porcentaxe de empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector 2016 e con sede social na cidade de Pontevedra segundo rama de actividade 2016.



(●) A AGRICULTURA, GANDARIA, SILVICULTURA E PESCA (●) B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS (●) C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA

- (●) D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO (●) E FORNECIMENTO DE AGUA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN
- (●) F CONSTRUCIÓN (●) G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS (●) H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO (●) I HOSTALARÍA
- (●) J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (●) K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS (●) L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS (●) M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS
- (●) N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES (●) O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA (●) P EDUCACIÓN
- (●) Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS (●) R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO

EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE (EVOLUCIÓN)

- Pontevedra ocupa unha posición intermedia en canto á evolución do número de empresas con sede social nas grandes cidades galegas (123 máis en 2016 que en 2015).
- A pesar de ser a rama principal como se vira anteriormente, a rama de actividade (G) Comercio por xunto e ao retalho é a rama que rexistra os principais descensos no relativo ao número de empresas totais.

Figura 189

Evolución do número de empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector e rama de actividade, variación 2015-2016



	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
TOTAL	288	41	14	129	104	123	338
1 AGRICULTURA E PESCA	10	36	-10	3	7	8	-8
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	10	36	-10	3	7	8	-8
2 INDUSTRIA, INCLUIDA A ENERXÍA	-7	-5	3	-4	-14	4	-23
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	1	0	-1	-1	-1	0	-1
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	-9	-3	-6	-3	-18	6	-18
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	0	0	4	-2	2	0	2
E FORNECIMENTO DE AGUA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	1	-2	6	2	3	-2	-6
3 CONSTRUCIÓN	22	6	-4	-15	45	4	-10
F CONSTRUCIÓN	22	6	-4	-15	45	4	-10
4 SERVIZOS	263	4	25	145	66	107	379
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	-78	0	-10	-9	-51	-25	-43
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	-16	-9	-5	1	-7	2	-45
I HOSTALARÍA	-30	-10	-9	-5	6	8	5
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	33	1	0	4	12	9	2
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	-9	-9	2	9	11	11	18
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	64	2	17	24	31	25	92
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	121	23	7	70	10	2	140
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	0	-3	-19	5	8	8	4
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	-1	-1	-1	-1	-1	-1	0
P EDUCACIÓN	68	0	17	12	0	14	71
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	76	-3	16	10	25	23	73
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	22	8	9	1	9	14	43
S OUTROS SERVIZOS	13	5	1	24	13	17	19

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais (27/12/2017). As diferencias co saldo empresarial están motivadas porque neste indicador o IGE non ten en conta as altas e baixas debidas á mobilidade xeográfica das empresas por cambios de sede. As modificacións na localización das sedes quedan recollidas no concepto de permanencia que, para un agregado xeográfico determinado, indica as unidades activas rexistradas no directorio en anos anteriores ao ano t e que no presente ano teñen a súa sede social nese ámbito xeográfico, podendo ter unha localización diferente no ano t-1.

EMPRESAS CON SEDE SOCIAL NAS SETE CIDADES GALEGAS SEGUNDO SECTOR E RAMA DE ACTIVIDADE (EVOLUCIÓN)

Figura 190

Evolución das empresas con sede social nas sete grandes cidades galegas segundo sector 2015-2016 e detalle da evolución na cidade de Pontevedra segundo ramas de actividadade 2015-2016.




TAMAÑO DAS EMPRESAS

TAMAÑO DAS EMPRESAS DAS SETE CIDADES GALEGAS

- A gran maioría das 6.908 empresas con sede social no Concello de Pontevedra no ano 2016 non posúen asalariados ou tan só teñen de 1 a 2 empregados (84,4%). As pequenas empresas de 0 a 9 empregados compoñen así, a práctica totalidade do tecido empresarial pontevedrés (95,3% case un punto porcentual menos que en 2015).
- Os datos anteriores reflecten unha estrutura similar a do resto das sete cidades galegas.

Figura 191

Tamaño das empresas do Concello de Pontevedra segundo estrato de asalariados, 2016 e distribución nas sete grandes ciudades



	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Total	21.889	4.088	9.845	9.448	9.586	6.908	23.594
de 0 a 2	85,4%	86,7%	83,0%	84,4%	85,2%	84,4%	83,2%
de 3 a 5	7,4%	7,1%	8,1%	8,5%	8,5%	8,3%	8,7%
de 6 a 9	3,1%	2,9%	3,6%	3,2%	3,1%	3,6%	3,5%
de 10 a 19	2,1%	1,9%	2,8%	2,2%	1,9%	2,1%	2,4%
de 20 a 49	1,2%	0,9%	1,4%	1,2%	0,8%	1,1%	1,5%
de 50 a 99	0,4%	0,3%	0,5%	0,3%	0,3%	0,3%	0,4%
de 100 a 249	0,2%	0,1%	0,4%	0,1%	0,1%	0,1%	0,2%
de 250 ou más	0,1%	0,1%	0,2%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2017). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “de 1 a 2” nunha única categoría.

TAMAÑO DAS EMPRESAS DA CIDADE DE PONTEVEDRA

- Pontevedra presenta un incremento do número de empresas do 3% (6.707 a 6.908) entre os anos 2014 e 2016.
- Porcentualmente dáse un descenso máis intenso nas empresas de máis dimensión se ben incrementouse nunha empresa aquelas con entre 100 e 249 empregados.

Figura 192

Evolución do tamaño das empresas da cidade de Pontevedra 2014-2016



	2014	2015	2016	% Variación 2014/2016
Total	6.707	6.785	6.908	3,00%
de 0 a 2	5.682	5.737	5.828	2,57%
de 3 a 5	537	552	576	7,26%
de 6 a 9	224	240	252	12,50%
de 10 a 19	153	154	143	-6,54%
de 20 a 49	75	69	79	5,33%
de 50 a 99	24	21	18	-25,00%
de 100 a 249	7	8	8	14,29%
de 250 ou máis	5	4	4	-20,00%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2017). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “de 1 a 2” nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía

TAMAÑO DAS EMPRESAS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- A maior parte das 10.238 empresas con sede social na Comarca de Pontevedra no ano 2016 non posúen asalariados ou tan só teñen de 1 a 2 empregados (85,5%). As pequenas empresas de 0 a 9 empregados compoñen a práctica totalidade do tecido empresarial comarcal (96,5%).

Figura 193

Tamaño das empresas da Comarca de Pontevedra segundo estrato de asalariados 2016 e distribución nos concellos da Comarca de Pontevedra



	Comarca Pontevedra	Barro	Campo Lameiro	Cotobade	Lama, A	Poio	Ponte Caldelas	Pontevedra	Vilaboa
Total	10.238	319	108	264	156	1.562	386	6.908	535
de 0 a 2	8.751	256	92	239	143	1.396	331	5.828	466
de 3 a 5	786	30	7	16	5	80	35	576	37
de 6 a 9	344	20	5	3	2	43	6	252	13
de 10 a 19	200	9	2	3	3	26	4	143	10
de 20 a 49	109	4	2	2	3	7	7	79	5
de 50 a 99	30	0	0	1	0	5	2	18	4
de 100 a 249	12	0	0	0	0	3	1	8	0
de 250 ou máis	6	0	0	0	0	2	0	4	0

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2017).

Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.


Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “ de 1 a 2” nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía.

TAMAÑO DAS EMPRESAS DA COMARCA DE PONTEVEDRA

- O total de empresas na Comarca de Pontevedra aumentou un 3,02% entre os anos 2014 e 2016.
- Entre as maiores empresas, as de entre 100 e 249 empregados viron aumentar o seu número pasando de 10 en 2014 a 12 en 2015, cifra que se mantén en 2016. Entre 2014 e 2016 tamén descenderon as empresas de máis de 250 empregados un 33,33% (de 9 a 6).

Figura 194

Evolución do tamaño das empresas da Comarca de Pontevedra 2014-2016



	2014	2015	2016	% Variación 2014/2016
Total	9.938	10.057	10.238	3,02%
de 0 a 2	8.554	8.630	8.751	2,30%
de 3 a 5	715	756	786	9,93%
de 6 a 9	312	315	344	10,26%
de 10 a 19	197	208	200	1,52%
de 20 a 49	106	96	109	2,83%
de 50 a 99	35	32	30	-14,29%
de 100 a 249	10	12	12	20,00%
de 250 ou máis	9	8	6	-33,33%

> Fonte: Elaboración propia a partir de IGE . Explotación do directorio de empresas e unidades locais. (27/12/2017). Téñense en conta empresas con sede social non concellos de referencia.

Cambio metodolóxico no IGE: A partir do directorio do 2015 a demografía empresarial será sempre para o total do directorio, incluídos o sector primario e a administración e xúntanse as categorías “sen asalariados” e “de 1 a 2” nunha única categoría. Neste indicador o IGE proporcionou os datos do 2014 xa adaptados a nova metodoloxía


PRODUTO INTERIOR BRUTO

PIB EN MILES DE EUROS DAS SETE CIDADES GALEGAS

- Entre os anos 2010 e 2014, o PIB en miles de euros, descendeu nas sete grandes cidades galegas, descenso encabezado pola variación negativa do 12,19% rexistrada na cidade de Santiago, seguida de Ourense (-11,52%) e Ferrol (-10,44)
- Pontevedra (-9,60%) sitúase na posición intermedia dentro deste contexto de descenso xeneralizado nas sete grandes cidades cun PIB no 2014 de 1.712.476 miles de €.

Figura 195

Produto Interior Bruto en miles de euros das sete cidades galegas, 2010-2014



	2010	2012	2014	% Variación 2010/2014
Pontevedra	1.894.233	1.839.312	1.712.476	-9,60%
Vigo	7.438.199	7.037.821	7.035.846	-5,41%
A Coruña	6.303.274	6.141.919	6.024.477	-4,42%
